

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE NOVEMBRO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 17 de novembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 14 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste aos puntos 2a, 5, 6a e 6d)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2c e 6b)
D^a. Luz González Domínguez, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste aos puntos 2d e 6c)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 14, 9a e 10a)
D. Fernando Carballo Villar, suplente do xefe do Servizo de Medio Ambiente (asiste aos puntos 9d e 10d)
D^a. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 9c e 10c)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 9b e 10b)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 11a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

14.- Dar conta da resolución de recursos

a) Procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e



illas ecolóxicas (4.792-611)

Dáse conta da resolución nº 195/2022, do 28 de outubro de 2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se estima o recurso interposto por GARBIALDI, S.A. contra o acordo de exclusión e de adxudicación deste procedemento. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 10 de novembro de 2022.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. GEROSALUD
 2. IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.
 3. PREVISOR, S.L.
 4. QUIRON PREVENCION, S.L.U.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8.277-104)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 2 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



2. TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ESERGUI DISTESER, S.L.
 2. GASÓLEOS AMIGO, S.L.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ÁNGEL COVELO, S.L. (lotes 2 e 3)
 2. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1, 2 e 3)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8.277-104)

Procédesse á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 3 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39.142-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Relacións Laborais o 10 de novembro de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

GEROSALUD

1.- Propón prezo do contrato o de 674.868,00 euros.

2.- Incrementa a experiencia do/a médico/a especialista en medicina do traballo a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos.

3.- Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 5 anos.

4.- Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:

- Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a conducción de vehículos: si
- Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais: si
- Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local: si

5.- Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en máis de 5 anos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 4 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.

- 1.- Propón prezo do contrato o de 627.023,49 euros.
- 2.- Incrementa a experiencia do/a médico/a especialista en medicina do traballo a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos.
- 3.- Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en máis de 15 anos.
- 4.- Comprométese a achegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:
 - Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a condución de vehículos: si
 - Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais: si
 - Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local: si
- 5.- Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en máis de 5 anos.

PREVISIONOR, S.L.

- 1.- Propón prezo do contrato o de 665.264,55 euros (221.754,85 euros anualidade).

Faise constar que o licitador unicamente formula un prezo e un desglose cos custos directos e indirectos, gastos xerais, beneficio industrial e actualización salarial.

A proposición non recolle pronunciamento ningún sobre os demais criterios de adxudicación conforme ao modelo recollido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP, se ben achega un arquivo denominado "Experiencia persoal" que contén documentación acreditativa relativa aos demais criterios.

QUIRON PREVENCION, S.L.U.

- 1.- Propón prezo do contrato o de 680.901,18 euros.
- 2.- Incrementa a experiencia do/a médico/a especialista en medicina do traballo a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 16 anos.
- 3.- Incrementa a experiencia do/a DUE a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (5 anos) en 11 anos.



4.- Comprométese a chegar os seguintes protocolos propios de vixilancia sanitaria específica para os riscos nos que non existan protocolos de vixilancia sanitaria específica aprobados polo Ministerio de Sanidade:

- Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a condución de vehículos: si
- Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a realización de traballos en altura e traballos verticais: si
- Protocolo para a aptitude físico-psíquica para a tenencia e uso de arma de fogo do persoal da Policía Local: si

5.- Incrementa a experiencia do/a médico/a a adscribir ao contrato a maiores da esixida no apartado 5F desta FEC (6 meses) en 18 anos.

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP, así como documentación acreditativa relativa aos criterios de adxudicación.

Asisten á apertura D^a. Mónica Rodríguez Arias, con DNI nº **.66.73*, en representación de IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.; D. Ramón Bueno Caballero, con DNI **.02.08*, en representación de PREVISIONOR S.L.; e D^a. Silvia Gonzalez Couselo, con DNI nº **.19.21*, en representación de GEROSALUD S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% de desconto ofertada sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR)
1	ESERGUI DISTESER, S.L.	4,5%
2	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 6 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

Lote 1

	Licitador	Redución do prezo unitario	Incremento do número de centros para cada evento
1	M. DESIRE PEREIRA MOREIRA	1.025,00 €	12

Lote 2

	Licitador	Redución do prezo unitario	Servizo de atención fora do horario comercial	Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas
1	M. DESIRE PEREIRA MOREIRA	110,00 €	3	2
2	ANGEL COVELO, S.L.	79,20 €	5	4

Lote 3

	Licitador	Redución do prezo unitario	Servizo de atención fora do horario comercial	Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas
1	M. DESIRE PEREIRA MOREIRA	250,00 €	3	2
2	ANGEL COVELO, S.L.	181,50 €	5	4

Os dous licitadores achegan fotografías segundo o esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39.142-220)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 7 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"[...] 3.- Propón unha porcentaxe de desconto do 5% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

4.- Os medios persoais a adscribir ao contrato teñen a seguinte experiencia en materia de xestión de Seguridade Social no sector público ou privado:

- *Graduado/a en Dereito, Ciencias do Traballo ou Relacións Laborais:*
 - *Director de Servicio BPO: 21,21 nº anos experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L*
 - *Responsable de área 1: 5,64 años, experiencia sumada en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. y en gestorías*
- *Técnico/a medio en Relacións Laborais ou Ciencias do Traballo:*
 - *Responsable de área 2: 9,30 años experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada SL*
 - *Responsable Gestor de Cuenta: 8,03 años experiencia sumada en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. y en gestorías*
 - *Gestor BPO 1: 7,2 años experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L.*
 - *Gestor de BPO 2: 6,30 años experiencia en Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L.*

5.- Os medios persoais a adscribir ao contrato teñen a seguinte formación:

- *Graduado/a en Dereito, Ciencias do Traballo ou Relacións Laborais:*
 - *Responsable de área 1:*
 - *Curso requerido según pliego Administrativo: Actualización en Seguridad Social ED IX (nº 750 horas/30 créditos ECTS)*
 - *Cursos: Técnico superior en Dirección y Gestión de Pymes de nº 300 horas*
 - *Cursos: Experto en Asesoría fiscal de nº 180 horas*
 - *Director de Servicio BPO*
 - *Cursos: Máster en Dirección de RRHH y Organización de nº 400 horas*
- *Técnico/a medio en Relacións Laborais ou Ciencias do Traballo:*
 - *Responsable Gestor de Cuenta*
 - *Curso requerido según pliego Administrativo: Gestión de Personal y Nóminas (nº 75 horas)*
 - *Cursos: Máster en Dirección Financiera y Control de Gestión (nº 1.500 horas/60 créditos ECTS [...])*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 8 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D^a. Adela M^a. Gadea Vallalta, con DNI **.97.91* en representación de SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado o 7 de outubro de 2022 polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes, coa conformidade do concelleiro delegado, en relación co recurso especial en materia de contratación interposto por GARBIALDI, S.A. (recurso nº 168/2022), no que se propoñía

- a retroacción do procedemento á fase de valoración por entender que a baixa formulada por GARBIALDI, S.A. non está incurso en presunción de anormalidade téndose en conta o orzamento global de licitación
- a conservación das actuacións respecto a LIMPIEZAS CÍES, S.L.
- unha nova valoración das proposicións avaliados mediante fórmula
- unha nova proposta de clasificación por orde decrecente

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 14 de novembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición evaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11.694-224)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 9 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 7 de novembro de 2022 de valoración do sobre B "*proposición "proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellaría de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo o 14 de novembro de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución nº 195/2022, do 28 de outubro de 2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GARBIALDI, S.A.	88,24



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	87,11
3	SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.	81,16
4	SACYR FACILITIES, S.A.	72,58
5	EULEN, S.A.	60,30

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARBIALDI, S.A. (A-48.408.769), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. (B-94.086.741), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do



prego de cláusulas administrativas particulares”.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11.694-224)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11.694-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FUNDACIÓN ALDABA	95 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):

1. Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.
2. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 do Anexo I -FEC-.
3. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
4. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
5. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 12 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do suministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Baixa proporcional única
1º	INTERNACO GREEN SPACE, S.L.	40%
2º	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	21%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B-70.607.122), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):

1. Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
5. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307)



ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobado o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO, segundo proxecto redactado polos arquitectos Perfecto Cendón Domínguez e Francisco Javier Vázquez Fernández.

2º.- Aprobado o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 29.07.22) con data 12 de agosto de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.119.745,10 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3360.619.00.10 "MUSEALIZACIÓN POSTA EN VALOR FORTALEZA CASTRO" co proxecto asociado 22336010 e coa seguinte distribución de anualidades (con IVE):

- 2022: 559.872,55 euros
- 2023: 559.872,55 euros

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES ABAL – REVIVIS (FORTALEZA VIGO)	97,65
2	UTE XAC-OREGA-VIASTEC	96,68
3	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA-EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL	96,27
4	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	70,66

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL – REVIVIS (FORTALEZA VIGO) (A36115459), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Servizo de
CONTRATAÇÃO

CONCELLERÍA
DE
CONTRATAÇÃO

CONCELLO
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA., o día 28 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 e 21 de outubro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 15 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar á UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (A-36.115.459) - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA. (513475826, NIF N0100187D, VIES PT513475826) o procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307) por un prezo total de 1.013.412,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 175.881,56 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Este contrato é susceptible de ser financiado polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo mediante Real decreto 1119/2021, do 21 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención ao Municipio de Vigo para a mellora da competitividade do sector turístico.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) (lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) (lote 1)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 16 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/06/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/07/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 05/08/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Memoria económica do contrato de data 05/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 08/08/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 08/08/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 604.686,76 €, que inclúe un I.V.E. de 104.945,64 €, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	Partida/Proxecto	Concepto	base	ive	total
2022	9207.6260010/ 22920720	Equipamento servidores para CPD municipal	396,435.33 €	83,251.43 €	479.686,76 €
2022	9207.6260001/ 19920701	Centro procesamento datos CPD, Fase I e II	103,305.79 €	21,694.21 €	125.000,00€
TOTAL			499,741.12 €	104,945.64 €	604.686,76 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 17 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 1) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntos totais da oferta
INFORHOUSE S.L	90.46
DATA BASE STORAGE, S.L.	69.79
CONNECTIS ICT SERVICES. S.A.U	67.88
AVENET IT	61.14
LOGICALIS SPAIN S.L.U.	41.70
EDNON, S.L.	34.09

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE S.L (B36112803), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE S.L., o día 28 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 e 11 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 18 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INFORHOUSE S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INFORHOUSE S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 21 de outubro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adjudicar a INFORHOUSE S.L. (B-36.112.803) o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) (lote 1) por un prezo máximo de 479.686,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 83.251,42 euros, coas seguintes condicións:

1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 4,62%
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo B: 32,15%
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 17,12%
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 16,14 (nº) %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Sitches de fibra: 7,55%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 19 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:

a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:

a.1.- Incremento en 200 (nº) do valor mínimo de 900 en valor SPECrates@2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

> Memoria RAM de máis de 4 TB GB

b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:

b.1.- Incremento en 191 (nº) do valor mínimo de 400 en valor SPECrates@2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

> Memoria RAM de máis de 1.5 TB

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 220 (nº) do valor mínimo de 200 en valor SPECrates@2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

> Memoria RAM de máis de 1 TB

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 220 (nº) do valor mínimo de 200 en valor SPECrates@2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks

(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



> Memoria RAM de máis de 1 TB

3. Incremento de garantía dos sistemas operativos:

- Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido
- Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido
- Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de financiarse con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU». Liña estratéxica 4 “Infraestruturas dixitais”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:18	Páxina 21 de 21
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAH4E-CFD527-4A844H-4JVQE7-92ZWSX-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		